

turaleza y circunstancias que rodean el euskara obligan a este Departamento de Cultura y Turismo a prescindir de fijar unos requisitos rígidos que, en todo caso, en nada beneficiarían al reforzamiento de la presencia del euskara en la Comunidad Autónoma del País Vasco».

I.4. *Galicia*

per Xosé GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Secretari del Servei Municipal de l'idioma del Concello de Redondela

Consonte co que establece o art. 27 apartado 10 da Constitución española, a Universidade Galega, goza de autonomía no marco definido pola Lei de Reforma Universitaria e polos seus Estatutos. O *Diario Oficial de Galicia*, núm. 193, correspondente ó día 8 de Outubro publica o Decreto 204/1985, da Consellería de Educación e Cultura, aprobando os devanditos Estatutos.

Cómpre que fagamos referencia, anque sexa breve, ó artigo 8, que consta que dous parágrafos e que transcribimos literalmente:

«8.1. Na Universidade de Santiago de Compostela a lingua galega debe ser de uso oficial. Tamén é oficial a castelá, como lingua oficial do Estado.

»8.2. A Universidade de Santiago de Compostela debe promove-lo estudio e maila utilización de lingua galega como expresión cultural relevante do entorno social no que se asenta, sen que en ningún caso caiba facer discriminación por razón da lingua tendo en conta o dereito de tódolos membros da comunidade universitaria a se expresaren en calquera das linguas ás que se refire o parágrafo anterior.»

A oficialidade á que fai referencia o art. 12.1. da Lei de Normalización Lingüística («o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos») é congruente, xa que logo, co parágrafo primeiro do devandito art. 8 dos Estatutos. A alusión que nel se fai ó castelán ten axeitado acubillo no tamén art. 15 da Lei de Normalización, que ampara o dereito que teñen tanto os alumnos coma os profesores «a empregaren, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia».

A Lei de Normalización Lingüística de Galicia, para o caso de faceren as transferencias da Universidade á Comunidade Autónoma contempla as pertinentes provisións galeguizadoras no art. 15.2 e 3.

Sen embargo, e adiantándose no tempo, o actual equipo rectoral presidido por Carlos Pajares, quen por certo non é galego, iniciou dende hai dous anos, ó pouco de tomaren posesión, un proceso de normalización lingüística nos

servicios administrativos do Rectorado, organizando cursos de lingua galega par o funcionariado e creando un servicio de traduccións que fixo posible que a meirande parte, por non dicir toda a documentación, estea redactada en lingua galega. Un recente estudo dos profesores Rubal Fernández e Ledo González sobre «Os usos lingüísticos na publicidade de administración» clasifican de moi positiva a actitude do equipo rectoral neste eido.

No tocante á toponímia (ver o núm. 5 de REVISTA DE LLENGUA I DRET, páxs. 268 e 269), logo dos dous decretos anteriores que fixaban os nomes oficiais dos concellos galegos, agás aqueles que crearon conflictos por se opoñeren os respectivos alcaldes a aceptaren a equivalencia galega de Pobra do castelán Puebla, a Consellería da Presidencia deu publicidade a dous Decretos (191/85, do 1 de Agosto e 232/85, do 31 de Outubro) fixando os nomes oficiais de cento setenta e cinco parroquias, pertencentes a dezasete concellos da provincia de Ourense e un da de Lugo. Ambolos dous Decretos desenvolven o art. 10.1. da Lei de Normalización, que atribúe á Xunta de Galicia «a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia».

Da Consellería de Sanidade é o Decreto 101/1985, do 23 de maio sobre a utilización do idioma galego e publicidade dos produtos que se comercialicen en Galicia.

Este Decreto desenvolve o art. 23 da Lei do Estatuto Galego do Consumidor e Usuario, que sinala que «se propiciará o emprego do idioma galego no etiquetado e publicidade dos bens, productos e servicios que se ofrecen no mercado».

A devandita normativa, logo de aclarar no art. 1.º, que os datos obligatorios que figuren no etiquetado dos envases ou na rotulación das embalaxes dos productos que se comercialicen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, poderan expresar nos idiomas galego ou castelán ou en ámbolos dous idiomas.

O art. 2 sinala que, para o caso de estaren rotulados nos dous idiomas «deberán utilizaren nelas letras do mesmo tamaño e caracteres».

Distingue o art. 3.º entre «subvencións ás empresas que utilicen o idioma galego no etiquetado e rotulación», «premios e mencións honoríficas ás empresas que se distingan de modo especial no emprego do galego no etiquetado e rotulación» e «premios e mencions honoríficas as empresas que na publicidade dos seus productos ou servicios, realizada empregando o idioma galego, reflexen os mesmos valores sinalados no apartado anterior».

A Disposición Final Primeira faculta ó Conselleiro de Sanidade e Consumo para que dicte as disposicións mencionadas para a aplicación e desenvolvemento deste Decreto. Sen embargo, isto non vai ser posible por mor de que o Tribunal Constitucional, por providencia do 16 de Outubro, admitiu a trámite o conflicto positivo de competencias, plantexado polo Goberno en relación co devandito Decreto da Xunta de Galicia 101/85. O Goberno invocou o art. 161.2 da Constitución, producíndose a suspensión da vixencia e aplicación do sinalado Decreto.

A Consellería de Cultura, mediante dúas Ordes do 12 de Setembro autoriza a organización dun curso de lingua galega, nos Centros Galegos de Madrid e Barcelona.

Esta convocatoria apoíase na Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, que dispón no seu art. 7.2. que se «facilitarán ás comunidades galegas a organización de cursos de lingua e cultura galega», amais do preceptuado polo Estatuto de Autonomía de Galicia que lle atribúe á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en relación coa lingua galega.

Neste senso cómpre, tamén, facer mención a outra Orde da mesma Consellería convocando un concurso de méritos para cubrir unha praza de profesor de lingua galega para impartir un curso na cidade de Montevideo, en Uruguai.

I.5. País Valencià

per Jordi MARTÍ i BOTELLA i Ramon MOLES i PLAZA

D'acord amb la Llei de la Generalitat Valenciana 4/1983, de 23 de noviembre, d'ús i ensenyament del valencià i d'acord també amb la Llei 5/1983, de 30 de desembre, que regula en el seu article 31 la possibilitat de creació de comissions interdepartamentals per a l'estudi de matèries sectorials comunes, el Decret 44/1984, de 16 d'abril (*Diari Oficial de la Generalitat Valenciana*, en endavant *DOGV*, núm. 160, de 3 de maig de 1984), crea la Comissió Interdepartamental per a l'aplicació de l'ús del valencià. S'estableixen com a funcions d'aquesta Comissió la coordinació general de les accions de la Generalitat Valenciana adreçades a la normalització lingüística, ja sigui en la pròpia administració, o bé en aquelles dependents o vinculades a la Generalitat Valenciana, i també a les no vinculades, mitjançant convenis. És també funció d'aquesta Comissió proposar les mesures necessàries per al millor compliment del que disposa la Llei 4/1983 d'ús i ensenyament del valencià i també qualsevol altra funció relacionada amb la seva competència. La Comissió, la integren el Conseller de Cultura i els Directors Generals d'Educació Básica, Cultura, Funció Pública, Mitjans de Comunicació i Administració Local.

El Decret 78/1984, de 30 de juliol (*DOGV*, núm. 185, de 16 d'agost de 1984) determina les condicions de creació de càtedres i agregats de valencià als Instituts de Batxillerat i places de professors numeraris a les escoles de Mestratxe industrial. Es desenvolupa així el que disposaven d'una banda el Real Decreto 2093/1983, de 28 de juliol, de traspàs de funcions i serveis de l'Administració estatal a la Comunitat Valenciana en matèria d'educació, que reconeix la capacitat normativa de la Comunitat Autònoma per regular l'ensenyament del valencià en aplicació del que disposa l'article 7 de l'Estatut d'Autonomia de la Comunitat Valenciana i, d'altra banda, el Real